

XXVII DOMINGO ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA Xen 2, 18-24

Lectura do libro da Xénese

O Señor Deus pensou: Non é bo que o home estea só. Voulle facer unha axuda semellante a el.

Entón o Señor Deus formou de terra as feras do monte e os paxaros do ceo, e presentoullos ó home, para ver que nomes lles puña. Cada ser vivo levaría o nome que o home lle puxese.

O home púxolles nomes ós animais domésticos, ós paxaros do ceo e ás feras do monte. Pero non daba cunha axuda semellante a el.

Entón infundiou o Señor Deus un sono profundo no home e, cando este adormeceu, sacoulle unha costela e cerrou con carne o sitio.

Da costela do home, o Señor Deus formou unha muller e presentoulla ó home.

O home exclamou: Agora esta é coma min, óso dos meus ósos, carne da miña carne. Chamarase muller, porque foi sacada do home.

Por iso o home deixará seu pai e mais súa nai e unirase coa súa muller e os dous farán unha soa carne.

SALMO RESPONSORIAL Sal 127, 1-2. 3. 4-5. 6

R/. (cf. 5): **Bendíganos o Señor tódolos días da nosa vida.**

Ditosos os que temen o Señor,
os que seguen os seus camiños.
Comerás do traballo das túas mans,
serás ditoso, serás afortunado.

A túa muller coma parra fecunda
no interior da túa casa;
os teus fillos coma gromos de oliveira
arredor da túa mesa.

Así será bendito
o home que teme o Señor.
Que o Señor te bendiga desde Sión,
que goces coa prosperidade de Xerusalén
tódolos días da túa vida.

Que véxa-los fillos dos teus fillos.
¡Paz sobre Israel!

SEGUNDA LECTURA Heb 2, 9-11

Lectura da Carta ós Hebreos

Irmáns: Aquel que "rebaixaron só un chisco con respecto ós anxos", Xesús, por aturalos padecementos da súa morte, está coroado de gloria e dignidade. Deste xeito, a súa morte foi unha bendición de Deus para todo home.

Efectivamente, conviña que Aquel para quen e por quen existe todo, se quería conducir moitos fillos á gloria, levase á perfección por medio do sufrimento o que ía se-lo primeiro dos que se salvarían; pois o consagrante e os consagrados veñen todos da mesma raíz. Por isto non se avergonza de lles chamar irmáns.

EVANXEO Mc 10, 2-16 (longa)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, achegáronse a Xesús algúns fariseos, preguntándolle para probalo, se lle está permitido ó home repudia-la muller. El replicoulles: - ¿Que foi o que mandou Moisés?

Respondéronlle: - Moisés permitiu despedila, dándolle certificado de divorcio.

Díxolles Xesús: - Tendo en conta a dureza do voso corazón, escribiu Moisés para vós esa norma. Pero desde o principio da creación, creounos Deus varón e femia. Por iso deixará o home seu pai e mais súa nai e unirse coa súa muller e serán os dous unha soa carne. De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. Polo tanto, o que Deus uniu, que non o separe o home.

Xa na casa, os discípulos volvéronlle preguntar acerca disto. El díxolles: - O que repudia a muller e casa con outra, comete adulterio contra a primeira. E se a muller abandona o marido e casa con outro, comete adulterio.

Daquela leváronlle a Xesús uns nenos para que os tocasse; pero os discípulos rifábanlles. Ó que o viu Xesús, indignouse e díxolles: - Deixade que os nenos se

acheguen a min; non llelo impidades, porque deles é o Reino de Deus. Dígovolo de verdade: Quen non reciba coma un neno o Reino de Deus, non entrará nel.

E abrazándoos, bendicíaos, mentres impoñía as mans sobre eles.

Ou: 2-12 (máis breve)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, achegáronse a Xesús algúns fariseos, preguntándolle para probalo, se lle está permitido ó home repudia-la muller. El replicoulles: - ¿Que foi o que mandou Moisés?

Respondéronlle: - Moisés permitiu despedila, dándolle certificado de divorcio.

Díxolles Xesús: - Tendo en conta a dureza do voso corazón, escribiu Moisés para vós esa norma. Pero desde o principio da creación, fíxoos varón e femia. Por iso deixará o home seu pai e mais súa nai, unirase coa súa muller, e serán os dous unha soa carne. De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. O que Deus uniu, que non o separe o home.

Xa na casa, os discípulos volvéronlle preguntar acerca disto. El díxolles: - O que repudia a muller e casa con outra, comete adulterio contra a primeira. E se a muller abandona o marido e casa con outro, comete adulterio.